



[REDACTED]  
PASEO GENERAL MARTINEZ CAMPOS 46-7º PTA  
28010 - MADRID

Exp.: [REDACTED]

Unha vez realizada visita de inspección o día 10/11/2022 aos centros de servizos sociais **RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ORPEA A CORUÑA**, coa finalidade de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación segundo o disposto no artigo 32 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e resolver a solicitude de permiso de inicio de actividades, observáronse as seguintes incidencias que deberán ser resoltas con carácter previo á autorización:

- As portas dos baños, tanto das habitacións como os xerais, non contan cun sistema que impida o atrapamento dos dedos, podendo supoñer un risco para as persoas usuarias. Deberán proceder á instalación de topes nas portas que eviten este risco.
- As portas de entrada ás habitacións contan cun sistema de peche automático que exerce unha forza excesiva sobre a porta, tanto ao abrila como ao pechala, dificultando a súa apertura e podendo supoñer un risco para as persoas usuarias. Deberán regular o sistema de peche, de xeito que non exerza tanta forza.
- O timbre de chamada de emerxencia da habitación 220 non funcionaba. Deberán proceder ao seu arranxo.
- Os oficios sucio e limpo non están sinalizados. Deberán proceder á sinalización de todas as dependencias do centro, tal como establece o artigo 7 a) do antedito Decreto 254/2011.



- Deberán achegar un certificado asinado polo/a titular ou representante legal de la entidade, no que se acredite a disposición do equipamento necesario para a posta en funcionamento dos novos espazos. O achegado coa documentación está asinado pola apoderada da Empresa [REDACTED] que, segundo consta no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), non é nin titular nin representante legal da entidade.

Infórmase que unha vez en funcionamento contarán con medidas de emerxencia que inclúa plan de emerxencias e exporán en lugar visible ao público as autorizacións concedidas, a licenza municipal, as normas de funcionamento visados, o aviso de dispor dun libro de reclamacións a información básica referida aos servizos prestados, ao horario e períodos de funcionamento do servizo, relación de prezos básicos e complementarios, carta de menú básico e dietas especiais e o plano de evacuación do centro.

A acreditación documental da corrección das referidas incidencias pode realizarse á través do Rexistro Electrónico Xeral dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, mediante o procedemento [REDACTED] Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, **no prazo dun mes**, sen prexuízo da súa comprobación en visita de inspección. A contestación debe dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O código de identificación da unidade que tramita o expediente é [REDACTED]

Unha vez transcorrido o devandito prazo sen ter emendado tales omisións, consideraráselle desistido da súa petición e acordarase o arquivo do expediente, de conformidade co artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Inspectora

A Subdirectora xeral de Autorización e Inspección  
de Servizos Sociais

[REDACTED]

[REDACTED]

[REDACTED]

Asinado por: [REDACTED]  
Cargo: [REDACTED]  
Data e hora: 14/11/2022 11:38:34

Asinado por: [REDACTED]  
Cargo: [REDACTED]  
Data e hora: 14/11/2022 11:37:01

[REDACTED]